



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE MARZO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización Lingüística

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Enlace entre a N-120 e a rotonda de acceso ao novo polígono do Barco de Valdeorras (Ourense).
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción adecuación do ramal de incorporación para conectar a V.G-43. Cambados-Vilagarcía co novo acceso ao porto de Vilagarcía.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 43/1989, do 2 de marzo, polo que se transforman os centros de ensinanzas integradas en institutos de educación secundaria e profesional en centros residenciais docentes.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se derroga o Decreto 288/1994, do 30 de setembro, polo que se crea o Premio das Letras e das Artes de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decretos polo que se regulan o Observatorio Galego de Educación Ambiental e o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, polo que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres, e se procede á súa conovocatoria.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a prórroga de catro bolsas de formación, na área de Estatística Pública, no Instituto Galego de Esatística desde o 18 de abril de 2006 ata o 17 de abril de 2007.
- Acordo polo que se aproba o Plan Económico Financeiro Global de SPI-Galicia, S.A, para 2006.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar, para o estudo sobre os usos da franxa litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para a execución do proxecto da estrada Burís-Croeda.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial de Airíos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento do Plan Avanza.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL-Carral,...,Silleda).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para establecer anticipos superiores ao 10% na orde pola que se regula o establecemento de subvencións para a realización de programas destinados a prestarlles atención aos enfermos mentais persistentes nos dispositivos de apoio comunitario dependentes das asociacións de familiares de enfermos psíquicos e outras entidades sen ánimo de lucro.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohología (ASVIDAL), Asociación de Ex-alcohólicos Luis Miguel Morás da Coruña e a Asociación As Burgas de Ourense para o desenvolvemento do programa de asistencia e da reinserción psicosocial de pacientes con problemas de dependencia relacionada co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia.
- Acordo polo que se autoriza un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Sergas coa Fegas para o ano 2006 por un importe de dous millóns trescentas sesenta e tres mil e cincuenta e un euros.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador da denominación de orixe Mexillón de Galicia, para a realización do proxecto de investigación: "Busca de marcadores xenéticos para a identificación do mexillón de Galicia"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración trianual en materia de I+D+I entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar, para a realización dun "Proxecto experimental de produción de semente de moluscos bivalvos no minicriadeiro do Vicedo"
- Acordo polo que se autoriza a validación de gasto derivado da prórroga das bolsas para a formación de persoal especialista en temas de investigación mariña (convocatoria 2005)



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do Concello de Sanxenxo para a creación de infraestrutura ambiental e depósito de refugallos para a xestión de residuos da construción e demolición
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Guntín (Lugo) para a construción dun punto limpo
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Rois para a selaxe, clausura e rexeneración ambiental do vertedoiro de residuos sólidos urbanos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Betanzos, para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Mellora nas captacións de auga, aproveitamento de mananciais e proceso de depuración na E.T.A.P de Betanzos. Betanzos (A Coruña), clave OH.215.692 por importe de douscentos oito mil cincocentos un euros con trinta e cinco céntimos (208.501,35)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta co Concello de Salceda de Caselas. Fase 2ª. Salceda de Caselas (Pontevedra), clave OH.336.638, por importe de seiscentos mil euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Malpica para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Abastecemento de auga ás parroquias de Mens e Barizo. Malpica (A Coruña), clave OH.215.691, por importe de novecentos dezaseis mil cento setenta e tres euros con vinte e cinco céntimos (916.173,25)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Rianxo para a execución das obras "actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Dotación de servizos básicos de abastecemento e saneamento en Brión e Abuín. Rianxo (A Coruña), clave OH.515.693, por importe dun millón seiscentos dezasete mil trescentos oitenta e sete euros con sesenta e tres céntimos (1.617.387,63)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Monforte de Lemos para a execución das obras: "mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento de auga á parroquia de Moreda. Monforte de Lemos (Lugo), clave OH.227.454, por importe de trescentos corenta e seis mil euros (346.000)



INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o programa de anticoncepción de emerxencia

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre a posta en marcha do Plan Integral de Emprego de Galicia
- Informe sobre as ordes que establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade e de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para 2006
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para 2006, así como as do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT) e para as cualificadas como Iniciativas Locais de Emprego ou de Emprego Rural
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o 2006 os incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar
- Informe sobre as ordes pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á súa convocatoria para 2006 dos seguintes programas: incentivos á contratación por conta allea de desempregados pertencentes a colectivos en risco de exclusión social; fomento de emprego de colectivos con especial dificultade de inserción no mercado de traballo e incremento da estabilidade no emprego; programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento. Todos eles cofinanciados polo Fondo Social Europeo
- Informe sobre as ordes pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o exercicio 2006 as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades, entidades sen ánimo de lucro
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a



inserción dos mozos menores de 30 anos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para 2006.

*** Nota: inclúese, a maiores do que ía na Orde do día, un acordo do Goberno galego sobre o Plan da SEPI para RTVE. Adxúntase a nota do acordo ao final do documento.**



UNHA COMISIÓN CONTRIBUIRÁ AO IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- *Estará presidida pola secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, e formarán parte dela catro vogais designados polo Goberno galego*
- *Terá como funcións consensuar o deseño e a aplicación das políticas da Xunta no marco do Plan e realizar propostas de actuación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG).

A comisión estará presidida pola secretaria xeral de Política Lingüística, e formarán parte dela ademais catro vogais. Dous deles serán nomeados pola Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza e os outros dous serán designados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O decreto establece que a comisión terá como funcións consensuar o deseño e a aplicación das políticas da Xunta de Galicia no marco do Plan Xeral de Normalización, impulsar, desenvolver e seguir o PXNLG, realizar propostas á Secretaría Xeral de Política Lingüística en todas as funcións que a esta se lle atribúen na súa estrutura orgánica, estudar e emitir informes sobre iniciativas que se lle propoñan á Secretaría Xeral desde outras institucións, emitir informe sobre os proxectos de decretos, ordes, plans de actuación e desenvolvemento de liñas estratéxicas da Secretaría Xeral e tamén informar os proxectos que impulsen as diferentes consellerías no ámbito da lingua.

Serán competencia da secretaria xeral de Política Lingüística, como presidenta da citada comisión, acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a determinación da orde do día, tendo en conta as propostas dos demais membros, dirimir as votacións no caso de empate e velar pola correcta execución dos acordos adoptados.

Os vogais, pola súa banda, propoñeránlle á presidenta a inclusión de asuntos na orde do día e formularán rogos e preguntas, solicitarán e recibirán a información necesaria para cumprir debidamente as funcións asignadas e proporán iniciativas encamiñadas ao desenvolvemento do PXNLG, ademais de velar polo cumprimento das actividades de impulso do Plan.

A comisión funcionará en pleno, aínda que poderá actuar en comisións de traballo cando así se decida. Reunirase como mínimo catro veces ao ano.



O SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE PON EN MARCHA AS LIÑAS DE AXUDA PARA PROGRAMAS DE FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- *O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas a concellos, empresas, organizacións empresariais, sindicatos e entidades de iniciativa social*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade (SGI), adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, das subvencións para a realización de programas de formación a prol das mulleres. O importe global destinado a estas axudas ascende a 1.088.990 euros, dos que o Fondo Social Europeo achega o 80% e o SGI o 20%. Poderán beneficiarse das subvencións entidades locais, centrais sindicais ou organizacións empresariais, entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e empresas, exclusivamente para a formación das súas traballadoras.

Estas subvencións están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo a inserción laboral das mulleres, impulsando a súa cualificación profesional naquelas profesións nas que se atopen subrepresentadas. Tamén se establecen programas de formación ocupacional coordinados con actividades de orientación profesional e plans de fomento da economía social e a promoción de empresas, así como o apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente os que apostan polo desenvolvemento sustentable.

As actividades formativas están dirixidas tanto ás mulleres que exerzan unha actividade laboral coma a mulleres desempregadas. Terán preferencia as que sufran situacións de violencia de xénero ou exclusión social, as que teñan responsabilidades familiares non compartidas ou as que desexen incorporarse ao mercado de traballo despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida laboral e familiar.

Para facilitar a conciliación da formación e a vida familiar, ademais dos gastos imputables aos cursos, establécense como gastos subvencionables os que se deriven da prestación de servizos de gardararía ou asistencia domiciliaria no horario lectivo.

As entidades que queiran acollerse ás subvencións para a organización destas accións formativas, terán un prazo para a presentación das súas solicitudes dun mes, contado a partir do día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.



A SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS REALIZARÁ OBRAS POR IMPORTE DE 70 MILLÓNS DE EUROS EN 2006

- *O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe o Plan Económico Financeiro de SPI para este exercicio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Económico Financeiro Global para o ano 2006 da Sociedade Pública de Investimentos, S.A. (SPI-Galicia, S.A.). O PEF de SPI para o exercicio de 2006 establece un investimento máximo de execución de 70,28 millóns de euros.

Dentro dos novos mandatos para o exercicio 2006, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é o departamento cunhas previsións de execución máis voluminosas, con 30 millóns de euros. Por outra parte, as previsións de execución da Consellería de Economía e Facenda ascenden a 9,67 millóns de euros; as da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a 8 millóns de euros; e as da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a 5,6 millóns de euros.

Do resto das actuacións, as da Consellería de Política Territorial para 2006 inclúen obras en estradas como os dos treitos Espiñaredo-Saa e Saa - As Pontes, da autovía Ferrol-Vilalba, e a mellora do trazado e capacidade dos treitos Os Calviños-A Gañidoira, A Redoada-Os Calviños, e A Gañidoira-Cabreiros, da LU-540 (antiga C-640) Viveiro-Cabreiros. Política Territorial abordará así mesmo os enlaces A Ramallosa-enlace CP-8201 (treito I), o enlace CP-8201-enlace Tras do Eixo (treito II), e o enlace Tras do Eixo-N-525 (treito III), da autovía AG-59, alternativa á C-841 e conexión coa rede de alta capacidade de Santiago. Por último, a Consellería tamén se encargará do enlace A Coruña-A6.

O Plan Económico Financeiro de SPI contén tanto os importes máximos dos mandatos de actuación formalizados mediante convenios e os seus correspondentes PEF específicos sectoriais, como as previsións doutras actuacións que se poidan formalizar.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA VÍA DE CONEXIÓN ENTRE A ESTRADA CAMBADOS-VILAGARCÍA E O PORTO DE VILAGARCÍA

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 2.165.000 euros na construción do ramal de incorporación para conectar a estrada VG-4.3 Cambados-Vilagarcía de Arousa co novo acceso ao porto de Vilagarcía.

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados necesarios para executar as obras do devandito ramal, de 693 metros de lonxitude.

A actuación proxectada é unha alternativa ao actual camiño estreito de acceso ao porto, que non dispón de beirarrúas e que discorre entre vivendas. Dado que o acceso ao porto de Vilagarcía o está a executar o Ministerio de Fomento, dende a CPTOPT considérase necesario que o ramal de incorporación estea concluído antes de que entre en funcionamento o acceso, para, deste xeito, evitar un exceso de tráfico polo camiño actual.

O proxecto de construción do ramal que unirá a estrada Cambados-Vilagarcía co novo acceso ao Porto de Vilagarcía foi aprobado o pasado mes de decembro e está previsto que as súas obras de construción se inicien no segundo semestre deste ano.

Do orzamento total, 560.000 euros dedícanse ao pagamento das expropiacións dos 62 predios afectados. Este ramal, unha vez que entre en funcionamento, dará servizo a máis de 58.000 habitantes dos concellos de Cambados, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.



UN TOTAL DE 915.000 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA VARIANTE PARA O TRÁFICO PESADO NO BARCO DE VALDEORRAS

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 915.281 euros na construción dun enlace viario entre a N-120 e a N-536, que actuará como variante para o tráfico pesado que actualmente circula polo centro urbano do Barco de Valdeorras.

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción deste novo acceso por estrada ao Barco e que, ademais, tamén dará servizo ao polígono industrial.

Esta nova vía dará servizo a unha poboación de 13.700 habitantes do concello do Barco.

O proxecto de construción foi aprobado o pasado mes de febreiro e está previsto que as obras, que terán un prazo de execución de 10 meses, saian a concurso neste ano. Ao orzamento de construción da vía hai que engadir outros 142.500 euros que se destinarán ao pagamento das expropiacións dos 19 predios afectados polo dito acceso.



OS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES TERÁN Á SÚA FRONTE UN DIRECTOR

- ***O Goberno galego aprobou hoxe un decreto que modifica a outro de 1989, no que establecía a figura do xerente como responsable destes centros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 43/1989, do 2 de marzo, polo que se transforman os centros de ensinanza integradas en institutos de educación secundaria e profesional e en centros residenciais docentes.

O Decreto de 1989 establecía que á fronte dos centros residenciais docentes estaría un xerente, nomeado mediante convocatoria pública por libre designación entre funcionarios de carreira dos grupos A ou B.

O texto aprobado hoxe polo Executivo autonómico establece que á fronte destes centros estará un director ou directora nomeado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación, que será seleccionado previamente por concurso público de méritos entre os funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanza non universitarias.

O director destes centros exercerá o seu cargo por un período de catro anos, renovable por outros de igual duración. A renovación estará condicionada polos resultados dun proceso de avaliación do exercicio da súa actividade. Esta avaliación realizaraa unha comisión que estará presidida polo delegado provincial de Educación e formada polo inspector xefe provincial; dous funcionarios designados polo delegado; o secretario da delegación provincial que actuará como secretario da comisión; e por un representante das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 500.000 EUROS PARA A AMPLIACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DOS AIRÍOS NAS PONTES E MÁIS DE 2,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A ESTRADA BURÍS-CROEDA EN CERCEDA

- ***Ámbolos dous proxectos son considerados vitais para favorecer o desenvolvemento e a diversificación empresarial das dúas zonas carboníferas***

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración co Concello das Pontes para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial dos Airíos, logo de que esta mañá o Consello da Xunta autorizase a súa firma. Este departamento autonómico achegará 500.000 euros para o proxecto, que contará cun orzamento total de 4.074.120 euros.

Innovación e Industria realiza esta achega coa finalidade de contribuír á nova implantación de proxectos empresariais no polígono que, dada a súa boa acollida, veu precisa a ampliación da súa superficie ata os 276.533 m².

O consello da Xunta tamén autorizou esta mañá a sinatura doutro convenio de colaboración da consellaría, neste caso co Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de estrada Burís-Croeda. Para este fin, Industria e Innovación achegará os 2.394.391 euros que custa esta actuación, considerada de vital importancia para a implantación de novos proxectos empresariais na zona.

Ámbalas dúas actuacións enmárcanse nun convenio de colaboración específico da consellaría co Instituto para a Reestructuración da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras.



MEDIO RURAL SEGUE COA SEGUNDA QUENDA DE CONCELLOS DE CONTRATACIÓN DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

- *O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural, cun orzamento previsto nesta segunda quenda superior aos 3 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades.*

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plan de investimentos que se realizará en distintos concellos de Galicia denominado Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación. Recolleranse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

Nesta segunda fase, destinaranse 3.036.321 euros para as obras que se executarán, logo de sinatura dos convenios, nos concellos de Carral, Dumbría, Narón, Neda, Sada, Trazo, Baralla, O Corgo, Monterroso, Muras, Xove, Baltar, A Gudiña, Lobeira, Bueu, Cotobade, Forcarei, As Neves, Pazos de Borbén, Rodeiro e Silleda.

Estes 21 concellos correspondentes á segunda quenda súmanse aos 36 incluídos no anterior Consello da Xunta. Nas vindeiras semanas iniciarase o proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.



SANIDADE, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA (FEGAS) RATIFICAN A SÚA COLABORACIÓN FORMATIVA PARA O 2006

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) para o ano 2006 cos obxectivos de formación, investigación sanitaria, avaliación de tecnoloxías sanitarias o outras actividades.

O orzamento total ascende a 2.363.051,09 euros, que se distribúen do seguinte xeito. O destinado a formación distribúese entre o *Plan Estratégico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (PEF)*, de 5.426 horas lectivas, que recibe un total de 1.402.348, 09 euros; e o *Plan de formación continua do persoal de institucións sanitarias do Sergas (AFCAP)* ao que se destinan 960.703 euros por un total de 4.101 horas lectivas.

Este convenio recolle inicialmente 424 actividades formativas, que a Fegas executará ben de modo directo ou a través de contratos, concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas ou entidades. Os cursos levaranse a cabo por iniciativa dos distintos centros da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Fegas.



O SERGAS DESTINA MÁIS DE 510.000 EUROS Á ASISTENCIA E REINSERCIÓN DE PACIENTES CON PROBLEMAS DE DEPENDENCIA RELACIONADA CO ALCOHOL, O TABACO E O XOGO

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe cadanseu convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e as asociacións As Burgas, de Ourense; Asvidal, de Vigo; e coa asociación coruñesa Luis Miguel Morás, para o desenvolvemento de programas de asistencia e reinserción psicosocial de pacientes con problemas de dependencia relacionada co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe total de 518.261 euros.

Os programas obxecto dos convenios estipulan, por parte de ditas asociacións, a asistencia directa aos pacientes que inclúe primeiras consultas, avaliación diagnóstica, psicoterapias, revisión e seguimento, rehabilitación e reinserción. Así mesmo, contemplan tamén o asesoramento sanitario e psicosocial aos enfermos e familiares afectados; información e derivación á rede asistencial naqueles casos que así o precisen e, igualmente, seguimento e apoio continuado aos programas sanitarios e psicosociais dirixidos a todo o colectivo de afectados e ás súas familias.



SANIDADE FACILITA A PÍLULA POSCOITAL DE XEITO GRATUÍTO NOS CENTROS DE SAÚDE, DE ORIENTACIÓN FAMILIAR E PAC DE GALICIA

- *A anticoncepción de emerxencia evitará os embarazos non desexados e os abortos, potenciando unha maior accesibilidade ao sistema sanitario e á información, sobre todo para os máis novos*
- *Facilitarase o envase co medicamento, a información específica sobre el e un preservativo; compráronse inicialmente un total de 65.000 envases para os vindeiros dous anos, cun importe aproximado de 130.000 euros*

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou ao Consello da Xunta da posta en marcha da Programa de anticoncepción de emerxencia, mediante o que se facilita a pílula poscoital de xeito gratuítO nos centros de saúde, nos centros de orientación familiar, e nos puntos de atención continuada.

Este programa, incluído no *Plan Integral de Atención á Muller*, oferta a atención sanitaria á muller en cada etapa da súa vida, e engloba diferentes aspectos de prevención, planificación familiar, e información sobre as enfermidades.

O 52% dos embarazos en menores de 18 anos remata en aborto e diferentes enquisas sobre os hábitos de saúde indican a falta de información sobre sexualidade e anticoncepción existente entre os máis novos. Este programa responde á vontade da Consellería de Sanidade de previr os riscos relacionados coa sexualidade, facilitando o acceso á información, ao emprego dos servizos de saúde, e ao uso responsable de métodos anticonceptivos.

A nova iniciativa do departamento dirixido por María José Rubio de Sanidade está encamiñada á prevención de embarazos non desexados; e á redución das interrupcións voluntarias do embarazo. Tamén potenciará o contacto dos máis novos co sistema sanitario, mellorará as iniciativas en educación sanitaria e posibilitará dispor dun control sanitario do consumo da pílula postcoital. A isto engádese o feito de evitar desigualdades no acceso a ela, e ofrecer información paralela doutros métodos anticonceptivos e do risco das enfermidades de transmisión sexual, potenciando o emprego do preservativo.

Así, os profesionais sanitarios, tras a entrevista persoal cos demandantes, facilitará o envase co medicamento, a información específica sobre el mesmo, e un preservativo. O departamento sanitario galego comprou inicialmente un total de 65.000 envases para os vindeiros dous anos, por un importe aproximado de 130.000 euros. A conselleira de Sanidade presentará hoxe xoves os detalles deste programa en Ourense.



PESCA INVESTIRÁ PRETO DE 400.000 EUROS NA PROCURA DE MARCADORES XENÉTICOS QUE IDENTIFIQUEN O MEXILLÓN DE GALICIA

- *O departamento dirixido por Carmen Gallego e o Consello Regulador do Mexillón asinarán un convenio de colaboración para conseguir distinguir o bivalvo galego doutros de diferente orixe xeográfica*
- *As técnicas de análise xenética contribuirán a evitar fraudes no mercado relacionados coa substitución de especies foráneas*

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador do Mexillón para levar a cabo un estudo de marcadores xenéticos que identifiquen o mexillón de Galicia e o diferencien doutros de distinta procedencia xeográfica. A Xunta destinará máis de 392.00 euros a este proxecto de investigación co que se pretende protexer, fronte a outras especies foráneas, o mexillón galego fresco e procesado, amparado baixo o selo de calidade dende o ano 2001.

O Consello Regulador e o grupo investigador de xenética de moluscos bivalvos da Universidade da Coruña participarán neste estudo desenvolvendo técnicas de análise e identificación, o que permitirá aumentar o control do mercado reducindo os fraudes na etiqueta. Ademais, con esta medida limitarase o impacto negativo que ten sobre o sector miticultor a substitución do mexillón de Galicia por mexillóns de calidade diferente que pretenden beneficiarse da imaxe do bivalvo galego.

Nun primeira fase, os investigadores do proxecto tomarán mostras de mexillón fresco, conxelado e en conserva das principais zonas de produción de Asia, Europa, América e Oceanía, co fin de crear unha colección de individuos que se gardará nas dependencias do Consello Regulador. Inmediatamente despois da mostraxe, os técnicos extraerán o ADN dos bivalvos co que se constituirá un banco xenético. O terceiro paso consistirá no desenvolvemento de técnicas moleculares que permitan diferenciar a nivel individual as distintas especies comercializadas no mundo baixo o termo mexillón. Finalmente, levaranse a cabo estudos xenéticos para distinguir o produto cultivado en Galicia doutros que están incluídos na mesma especie pero que proceden doutras áreas xeográficas.

O sector miticultor converteuse nos últimos anos nunha das actividades sociais e económicas máis importantes da Galicia costeira. O cluster do mexillón xera uns 11.500 postos de traballo, 8.500 dos cales son directos. Por outra banda, as 3.300 bateas dedicadas ao cultivo deste bivalvo producen cada ano entre 250.000 e 300.00 toneladas de marisco. O volume da produción coloca a nosa comunidade como líder indiscutible en toda a UE, acaparando aproximadamente o 45% do total



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do mexillón cultivado e o 85% da produción acuícola de España. A economía deste sector rolda anualmente os 420 millóns de euros dos que 115 se deben á venda directa do produto. Non obstante, a pesar disto, actualmente entran no noso mercado grandes cantidades de mexillón foráneo procedentes de países como Francia, Grecia, Italia ou Chile. O incremento do comercio internacional de alimentos, a globalización da demanda e o aumento do número de especies extraídas sen denominación comercial consolidada avalan a necesidade deste estudo, situándose por iso dentro das liñas prioritarias de investigación da Consellería de Pesca.



O GOBERNO GALEGO FINANCIA UN PROXECTO EXPERIMENTAL DE PRODUCCIÓN DE SEMENTE DE MOLUSCOS NO VICEDO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración trianual en materia de I+D+i entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación Cetmar por un importe total de 463.635 euros*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración trianual en materia de I+D+i entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) para a realización dun proxecto experimental de produción de semente de moluscos bivalvos no minicriadeiro do Vicedo por importe de 463.635 euros. O obxecto desta iniciativa, que se desenvolverá entre 2006 e 2008, forma parte do programa de Pesca de produción de semente de moluscos bivalvos para recuperar bancos marisqueiros e para a realización de cultivos extensivos neles, xa que ao carecer dun sistema de subministración regular e fiable de semente, isto limita bastante a produción marisqueira galega.

Para solucionar este problema, a Consellería de Pesca puxo en marcha diversas accións de investigación e o nivel de coñecemento conseguido con estas iniciativas aconsellou pasar a unha fase de produción experimental en plantas de produción baixo cuberta lixeira, coñecidas como minicriadeiros. A tal fin, Pesca dotouse de cinco unidades situadas en distintas zonas costeiras, xunto cos dous xa ubicados no Igafa, o Instituto Galego de Formación en Acuicultura de Galicia.

Durante este tempo, concretamente dende o ano 2001, o traballo realizado polos técnicos permitiu ir salvando a fase proto industrial e agora, e xa que as fases iniciais de indución da posta, fecundación, fixación de larvas e crecemento na primeira etapa ata un milímetro están aparentemente resoltos, falta lograr bos resultados na fase de preengorde ata o tamaño de semente nos bancos.

Por iso, vai ser aquí onde se van concentrar os esforzos grazas ao proxecto experimental que hoxe aprobou o Consello da Xunta e que busca lograr nos tres anos de duración, un sistema de xestión e un protocolo de actuación destas instalacións coa finalidade de lograr unha produción de semente regular e fiable, intervindo dende o principio ata o fin do proceso produtivo que remataría coa entrega da semente de tamaño axeitado para a sementeira nos bancos marisqueiros.

No convenio, o Centro Tecnolóxico do Mar achega ademais da súa capacidade de xestión e os recursos humanos, o seu coñecemento multidisciplinar e contactos con outros centros para resolver os problemas que se presenten ao longo do proxecto.



UN AMPLO ABANO DA ADMINISTRACIÓN E DA SOCIEDADE TERÁ VOZ NO NOVO CONSELLO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- *O deseño dunha estratexia galega de desenvolvemento sustentable, na que se concilien intereses ambientais, económicos e sociais, pasará a ser o obxectivo principal no novo Consello*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que actualiza e amplía a configuración e as funcións do Consello Galego de Medio Ambiente. Unha das principais novidades desta reforma consiste en aumentar de xeito apreciable a representación da sociedade civil, co fin de que “todos os axentes económicos e sociais que poidan e deban involucrarse en prol do medio ambiente e do desenvolvemento sustentable” de Galicia teñan voz neste órgano consultivo da Administración ambiental.

A denominación do novo Consello Galego de Medio Ambiente tamén se amplia coa inclusión de desenvolvemento sostible, de acordo coa vontade da consellería de que as análises deste órgano non só abarquen os aspectos ambientais, senón tamén os sociais e económicos que conforman os piares da sustentabilidade. Deste xeito búscase garantir a consecución dun desenvolvemento útil. Así o decreto polo que se reforma a configuración e cometidos do Consello creado en 1995 recollerá a aposta da Consellería de Medio Ambiente por conseguir un desenvolvemento sustentable da sociedade galega e, para iso, é fundamental acadar un alto grao de consenso tanto no deseño da estratexia para logralo como no seu posterior seguimento. “É indispensable unha ampla participación pública”, segundo estipula o texto no futuro decreto.

O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible será un instrumento que sirva á vez de canle e medio de debate, información e asesoramento. O aumento dos representantes tanto da Xunta de Galicia como da sociedade civil que integrarán este órgano responde á pretensión de que teñan voz no deseño da estratexia galega de desenvolvemento sustentable.

Entre as novas funcións deste Consello, que ata de agora só abordaba plans de carácter exclusivamente ambiental, estarán as de propoñer medidas que incentiven a creación de emprego, a educación ambiental e tamén as de canalizar demandas e propostas sobre a sustentabilidade que procedan de asociacións e institucións galegas. Os membros do Consello Galego de Medio Ambiente buscarán, no seus debates e análises, coordinar e conciliar intereses públicos e privados. O Consello ademais formulará suxerencias para o deseño anual dos orzamentos da Comunidade Autónoma.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O conselleiro de Medio Ambiente presidirá o novo órgano consultivo e o director xeral de Desenvolvemento Sostible será o vicepresidente. Terá uns 37 vocais, entre eles representantes da Xunta de Galicia con competencias sobre as políticas ambientais, económicas e sociais e, como voz da sociedade, membros dos sindicatos, da patronal, da Administración local, das organizacións ecolóxicas, dos consumidores, das universidades, de colectivos agrarios e tamén das confrarías de pescadores.



O OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL SERÁ O ÓRGANO QUE ASESORE A CONSELLERÍA NESTA MATERIA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible contará cun observatorio que será o órgano que asesore o departamento autonómico en materia de educación ambiental. O Decreto que regula este organismo foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta. Co novo documento quéreselle dar un novo impulso a organismo, creado en 2001, redefinindo as súas funcións e composición.

O Observatorio Galego de Educación Ambiental terá por obxecto o deseño, avaliación e desenvolvemento dos programas e iniciativas de educación ambiental. Así mesmo, analizará as necesidades formativas da poboación galega nesta materia e propoñerá a elaboración de instrumentos, indicadores e procedementos de avaliación, así como a recompilación de experiencias e programas que se consideren de referencia tanto na Comunidade Autónoma como no resto do Estado.

O ente será presidido polo conselleiro, que contará con dous vicepresidentes, cargos que desempeñarán os directores xerais de Desenvolvemento Sostible e de Ordenación e Innovación Educativa, así como nove vocais, entre os que se atoparán cinco expertos de recoñecido prestixio no eido da educación ambiental e representantes de asociacións protectoras do ambiente, entre outros. O observatorio estará adscrito á consellería, que o dotará do soporte material e persoal necesario para o seu funcionamento.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 3,6 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN RIANXO, SALCEDA DE CASELAS, MONFORTE, MALPICA DE BERGANTIÑOS E BETANZOS

- *As actuacións, que serán financiadas pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), foron aprobadas hoxe no Consello da Xunta*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá preto de catro millóns de euros na construción e mellora de infraestruturas hidráulicas en cinco concellos galegos. A través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), o departamento dirixido por Manuel Vázquez levará a cabo actuacións nas localidades de Malpica, Rianxo e Betanzos, na provincia da Coruña; en Monforte de Lemos (Lugo), e en Salceda (Pontevedra). Trátase de obras de abastecemento e saneamento, que se executarán na meirande parte durante o actual exercicio.

As obras foron aprobadas no Consello da Xunta celebrado hoxe. Cabe lembrar que a semana pasada o Goberno galego autorizou proxectos hidráulicos por valor de 6,2 millóns de euros para outros once concellos galegos.

Provincia da Coruña

Tres dos proxectos aprobados hoxe levaranse a cabo en localidades coruñesas. O máis importante en contía económica é o de dotación de servizos de abastecemento e saneamento en **Rianxo**. Trátase da creación dunha rede nos núcleos de Abuín, Brión e Troncos, que actualmente dispoñen dun sistema incompleto. Augas de Galicia investirá 1,6 millóns de euros nesta actuación que se desenvolverá nun prazo aproximado de 9 meses, unha vez que sexa adxudicada, e beneficiará a preto de catrocentos habitantes.

Outra das obras é un proxecto de subministro de auga ás parroquias de Mens e Barizo, pertencentes ao Concello de **Malpica de Bergantiños**. As traídas individuais existentes nestes núcleos son insuficientes para o abastecemento das poboacións situadas no litoral do concello, polo que Medio Ambiente decidiu construír unha estación de tratamento de auga e as correspondentes captacións co fin de dar un bo servizo aos 1.344 habitantes que residen nos citados núcleos. O investimento para acometer o proxecto ascende a 916.173 euros e estímase que o seu prazo de execución será de oito meses, unha vez que se licite e adxudique a obra.

Así mesmo, acordouse aprobar un investimento de 208.501 euros para a mellora das infraestruturas hidráulicas en **Betanzos**. A actuación ten por obxecto mellorar a captación de auga e o proceso de depuración da estación de tratamento (Etap), para dar un mellor servizo á poboación desta localidade coruñesa. A empresa pública espera poder completar a obra en seis meses a partir da súa adxudicación.

**Pontevedra**

Deuse o visto e praxe á segunda fase do plan de saneamento de **Salceda de Caselas**. A actuación consiste na creación dunha rede de saneamento e a súa conexión coas redes existentes. A actuación conta cun orzamento de 600.000 euros e beneficiará unha poboación duns 6.000 habitantes.

Lugo

O concello de **Monforte de Lemos** verá mellorada a súa rede de augas. Concretamente, a parroquia de Moreda, que presenta unha situación precaria en materia de abastecemento, será obxecto dunha actuación coa que se construírán as conducións necesarias para que este núcleo dispoña deste servizo. A empresa pública de augas destinará 346.000 euros á execución do proxecto, do que se beneficiarán preto de 400 veciños.

TÍTULO	CONCELLO	PROVINCIA	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
Actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Dotación de servizos de abastecemento e saneamento en Brión e Abuín.	Rianxo	A Coruña	1.617.387,63 €
Recuperación integrada da bacía hidrográfica do río Miño. Saneamento en Salceda de Caselas. 2ª fase.	Salceda de Caselas	Pontevedra	600.000,00 €
Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento de auga á parroquia de Moreda.	Monforte de Lemos	Lugo	346.000,00 €
Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Abastecemento de auga ás parroquias de Mens e Barizo.	Malpica de Bergantiños	A Coruña	916.173,25 €
Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Mellora nas captacións de auga, aproveitamento de mananciais e proceso de depuración na estación de tratamento de auga potable de Betanzos.	Betanzos	A Coruña	208.501,35 €

IMPORTE TOTAL.....**3.688.062,23 €**



MEDIO AMBIENTE INVISTE 1.189.400 EUROS EN TRES OBRAS DE INFRAESTRUTURAS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

- *O Consello da Xunta dá luz verde á creación dunha planta para residuos da construción en Sanxenxo e dun punto limpo en Guntín, así como á selaxe do vertedoiro de Rois*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou os expedientes polos que se autoriza á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a financiar a realización de tres obras de infraestruturas para a xestión dos residuos sólidos urbanos. O investimento para estas tres actuacións nos municipios de Sanxenxo (Pontevedra), Rois (A Coruña) e Guntín (Lugo) elévase a un total de 1.189.400 euros. Os prazos para a execución destes proxectos varía entre os tres e os catro meses.

Planta de residuos en Sanxenxo

O municipio de Sanxenxo contará este ano cunha instalación para os residuos procedentes da construción e demolición, logo que o Consello da Xunta autorizase hoxe o financiamento, con cargo aos Fondos de Cohesión da Unión Europea, deste proxecto que executará a Consellería de Medio Ambiente.

Esta planta de xestión de residuos de obras custará 688.753 euros e realizarase no prazo de catro meses. Esta infraestrutura ambiental, que se situará na parroquia de Padriñán, ocupará unha parcela contigua ao punto limpo, de 5.000 metros cuadrados.

Será a sétima planta de xestión de residuos da construción e demolición que executa en Galicia a Consellería de Medio Ambiente. Estas instalacións disporán dunha zona de tratamento na que se procederá á separación e reciclaxe de residuos, outra zona de amoreamento onde se almacenarán os materiais separados susceptibles de ser aproveitados para a súa reutilización e ademáis crearase un depósito cunha capacidade de 1.740 metros cúbicos para almacenar os refugallos ou residuos que non poidan ser reutilizados.

Punto limpo de Guntín

A Consellería de Medio Ambiente construírá un punto limpo en Guntín (Lugo), no que os veciños poderán depositar separadamente todo tipo de residuos perigosos e tóxicos, aceites usados, pilas, baterías de coches e fluorescentes, disolventes, pinturas, residuos ácidos, etc. A construción destas instalacións, que se situará nunha parcela do Monte Ladairo, custarán 244.610 euros, que achegará integramente o departamento de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. O prazo de execución da obra é de tres meses.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Clausura do vertedoiro de Rois

Dentro do programa de selaxe, clausura e rexeneración ambiental de vertedoiros que está levando a cabo a Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, o Consello da Xunta deu luz verde hoxe ás obras para pechar o do municipio de Rois (A Coruña). A selaxe deste vertedoiro, que almacena 3.880 metros cúbicos de lixo e a rexeneración da parcela que ocupa, na parroquia de Ermedelo, suporán un investimento de 256.039 euros, procedentes dos fondos da Consellería. A execución das obras durará tres meses.



TRABALLO PRESENTA ONCE INFORMES SOBRE POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO E OUTRO SOBRE O PLAN INTEGRAL DE EMPREGO DE GALICIA

- *Os documentos recollen medidas para fomento do traballo por conta propia, accións destinadas á integración de colectivos de difícil inserción, programas de adquisición de experiencia laboral, medidas para fomentar a conciliación laboral e familiar, así como subvencións ás iniciativas empresariais innovadoras*
- *O informe que inclúe o I Plan Integral de Emprego de Galicia, asinado onte polo titular da Xunta e o ministro de Traballo, recolle as grandes liñas desta actuación extraordinaria*

Por primeira vez, este ano o Comité Autonómico de Emprego foi informado dunha **planificación do conxunto das políticas activas de emprego**, presentada pola Consellería de Traballo na reunión celebrada o 18 de xaneiro deste ano.

Neste senso, nos ditames das diferentes ordes emitidos polo Consello Galego de Relacións Laborais nas consideracións xerais de carácter unánime, dise: *"na liña do manifestado en ditames de exercicios anteriores, sobre a necesidade de dispoñer da visión de conxunto do deseño das políticas activas de emprego, avaliamos positivamente que, no seo do Comité Autonómico de Emprego, se informase sobre o conxunto da planificación destas políticas para o ano 2006"*.

Políticas activas de emprego que se desenvolven:

O conxunto de políticas activas que se desenvolven nas once ordes, presentadas a través de informes ao Consello da Xunta, están destinadas a:

1.- Fomentar a contratación dos colectivos con máis dificultades de inserción

A política de incentivos ao fomento do emprego destes colectivos ten como novidades máis salientables e innovadoras:

- Exixencia dunha taxa de estabilidade do 70 % ou superior para as empresas que se queiran acoller a eles. É unha aposta para que se beneficien dos incentivos aquelas empresas que, no relacionado coa estabilidade, teñen unha responsabilidade social mais elevada. Así os que están en peor situación no mercado de traballo, se incorporarán a empresas que, en relación coa estabilidade, estean situadas por riba da media de Galicia
- Distribución dos incentivos á contratación dun xeito proporcional á participación de mulleres e homes no colectivo do que se trate.
- Redución ao mínimo das subvencións á contratación temporal, quedando soamente para a contratación en prácticas de titulacións con mais índice de



paro de longa duración ou en Pemes de menos de 30 traballadores, de revezamento ou con colectivos en risco de exclusión.

- Distribución da contía dos incentivos gradualmente, segundo sexa a dificultade de inserción do colectivo do que se trate e a relación laboral que sexa

As ordes presentadas relativas á política de incentivos á contratación dos colectivos con mais dificultades de inserción conteñen as medidas e na contía que se relaciona na seguinte táboa adxunta:

CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA

COLECTIVOS¹	HOMES	MULLERES
Menores de 30 anos		
Titulados de paro de mais longa duración (prácticas)	1.000 €	4.000 €
Titulacións para Pemes		
Inicial en prácticas	1.250 €	3.000 €
Transformacións	3.750 €	6.000 €
Contratación indefinida inicial		
Per. Proba	3.000 €	3.000 €
Subvención	5.000 €	7.500 €
Substitución de traballadores		
1º ano (revezamento)	1.500 €	2.500 €
Indefinido	4.750 €	7.500 €
Indefinido inicial	7.500 €	12.000 €
Transformación de contratos		
Formativo	3.750 €	6.000 €
Interino	3.750 €	6.000 €
Revezamento	4.750 €	7.500 €
Temporal	2.000 €	4.000 €
Entre 30 e 44		
Demandantes de longa duración Máis 12 meses	2.000 €	4.250 €
Mulleres de máis de 29 anos		2.000 €
Máis de 45		
Demandantes de longa duración - Máis 6 meses	3.000 €	4.500 €
Por razóns individuais		
Demandantes procedentes de empresas en crise	3.500 €	4.800 €
Titulares de familias monoparentais	3.000 €	5.000 €
Mulleres desempregadas subrepresentadas		4.800 €
Mulleres maiores de 30 anos		4.800 €

¹ Agás no caso en que se indica, tratase de contratación indefinida



demandantes de primeiro emprego			
Colectivos en risco de exclusión			
Contratación temporal	entre 6 e 12	360 €	420 €
meses (mes)			
Contratación indefinida		7.500 €	12.000 €

2.- Fomento da contratación en iniciativas empresariais innovadoras

O obxectivo das ordes que regulan o réxime de axudas e subvencións ás iniciativas locais de emprego, iniciativas de emprego rural e iniciativas de emprego de base tecnolóxica é fomentar proxectos empresariais innovadores que xeren emprego estable no ámbito local, no rural e de alto contido científico ou tecnolóxico.

As axudas abarcan diferentes aspectos, dende a contratación estable de traballadores, a contratación de expertos de alta cualificación, subvencións financeiras de redución de xuros, apoio á función xerencial, ou axuda para a posta en marcha da empresa.

3.- Fomento da iniciativa emprendedora

A finalidade deste programas é promover e axudar a financiar proxectos e iniciativas que permitan que os desempregados se establezan por conta propia como autónomos, creen cooperativas ou sociedades laborais ou se incorporen a elas.

As axudas abarcan diferentes aspectos da subvención financeira, axuda excepcional para o inicio da actividade, adquisición da condición de socio ou por incorporación de socios traballadores ou soamente no caso das empresas de economía social axudas para a contratación de directores ou xerentes ou para adquisición de inmovilizado material e inmaterial.

4.- Incentivos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral coa familiar

O obxectivo desta orde é promover a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia no emprego de homes e mulleres mediante a concesión de incentivos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Os incentivos recollen o aboamento das cotas empresariais á Seguridade Social durante doce meses pola reincorporación á empresa tras un proceso de maternidade ou paternidade ou a mesma cota cara á substitución dun traballador en excedencia ou con redución de xornada por motivos familiares.

5.- Programas de formación en alternancia e de adquisición de experiencia



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes programas, transposición normativa do Estado, teñen como obxectivo a inserción laboral de demandantes de emprego por medio de escolas-obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego median a combinación do binomio formación – traballo. Os programas de cooperación ou de adquisición de experiencia pretenden a mellora da empregabilidade por medio do traballo de interese social.



A XUNTA IMPLANTA MEDIDAS PARA FOMENTAR A CULTURA EMPRENDEDORA E A ECONOMÍA SOCIAL

- *A consellería convoca unha serie de axudas dirixidas a fomentar e incentivar a actividade por conta propia e a creación de emprego*
- *O obxectivo é potenciar a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego*

O conselleiro de Traballo presentou ao Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, os respectivos informes das ordes polas que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas aos programas de fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais e ao emprego autónomo. Traballo aposta por estas iniciativas a través dunha serie de axudas destinadas a fomentar e incentivar a actividade por conta propia e a creación de emprego, co fin de promover a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego.

O obxectivo é potenciar a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

A economía social como alternativa

O obxecto desta orde é promover a incorporación ao mercado de traballo de desempregados a través das cooperativas e sociedades laborais, así como apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas. Neste senso, as axudas programadas benefician, por unha banda, ás propias cooperativas e sociedades laborais e, por outra, aos desempregados que adquiren a condición de socio traballador ou de traballo dunha entidades deste tipo.

As axudas recollidas na orde de convocatoria están destinadas á adquisición da condición de socio traballador, cun importe de ata 4.200 euros, á incorporación de socios traballadores ou de traballo, con subvencións de ata 10.000 euros, á contratación de directores ou xerentes, cunha contía de ata 20.000 euros, á subvención financeira de redución de xuros, con ata 3.000 euros por socio traballador ou de traballo, e á subvención directa para a adquisición de inmovilizado material e inmaterial, cunha axuda de ata 3.000 euros por socio traballador ou de traballo. Así mesmo se recolle unha axuda excepcional para o inicio da actividade de ata 3.000 euros por socia traballadora ou socio traballador menor de 30 anos.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Promoción do emprego autónomo

Co obxectivo de promover e axudar a financiar proxectos e iniciativas que faciliten o emprego autónomo por conta propia, Trballo ofrece subvencións financeiras de ata 3.000 euros, axudas de ata outros 3.000 para o inicio da actividade, e axudas excepcionais tamén de ata 3.000 euros das que se poderán beneficiar aqueles desempregados que proxecten a creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores autónomos por conta propia, ou constitúan unha sociedade limitada na que todos os socios sexan persoas físicas e teñan un capital social fundacional inferior a 120.200 euros.



ESTABLECIDA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA INCENTIVAR A INSERCIÓN LABORAL ESTABLE E DE CALIDADE DOS COLECTIVOS MÁIS DESFAVORECIDOS

- *A Consellería de Traballo convoca unha serie de axudas para incentivar a contratación destes colectivos*
- *Para poder beneficiarse destas subvencións, as empresas privadas que as soliciten deberán presentar, como requisito obrigatorio, taxas de estabilidade de como mínimo o 70%*

O titular de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta informes sobre as ordes polas que se regulan os programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade, os programas de incentivos á contratación por conta allea de desempregados pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, programas para o fomento do emprego de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, así como, os programas de incentivos á contratación por conta allea para favorecer a inserción dos mozos menores de 30 anos. Para poder beneficiarse destas axudas e subvencións, as empresas privadas que as soliciten deberán presentar, como requisito obrigatorio, taxas de estabilidade de como mínimo o 70%.

Un deses informes céntrase na orde na que se regulan e convocan os programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción dos mozos e mozas menores de 30 anos. Nese senso, fomentárase a contratación en prácticas de mozos e mozas con titulacións de difícil empregabilidade, co fin de proporcionarlles experiencia laboral. As empresas privadas que contraten a estes titulados poderán beneficiarse dunha subvención de ata 4.000 euros.

Outra das subvencións recollidas nesta orde está destinada a fomentar a contratación de demandantes menores de 30 anos para a substitución de traballadores que rematan a súa vida laboral. O obxectivo é promover a incorporación dos mozos nas empresas a través da renovación dos cadros de persoal. Os destinatarios, que poderán acceder a contías de ata 12.000 euros, son as empresas privadas que contan con mozos menores de 30 anos a través de contratos resezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación.

Co fin de crear novos postos de traballo, convócanse subvencións para a creación de novos empregos nas empresas de menos de 30 traballadores. O obxectivo medida é facilitar a innovación dos sistemas organizativos das empresas galegas mediante a creación de novos postos de traballo. Os destinatarios, que poderán obter axudas de ata 3.000 euros, son aquelas empresas privadas que contraten mozos menores de 30 anos para postos de traballo de nova creación. Por outra banda, incentivárase con ata



7.500 euros a contratación indefinida inicial de mozos desempregados co fin de fomentar a súa incorporación estable ao mercado de traballo. Por último nesta orde tamén establécense axudas para incentivar a transformación en indefinidos dos contratos temporais con subvencións de ata 7.500 euros.

Na procura dunha integración real das persoas con discapacidade

A orde que regula as bases dos programas para a promoción de emprego entre o colectivo de persoas con discapacidade establece dous tipos de actuacións: o programa de integración en centros especiais de emprego, onde a finalidade é incentivar a creación, ampliación e mantemento de emprego nestes centros que xeren postos de traballo estables para os discapacitados. Os beneficiarios deste programa serán os centros especiais que figuren inscritos como tales no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da consellería. As axuda contempladas irán destinadas a crear ou ampliar o centro especial de emprego, con contías de ata 12.000 euros por posto de traballo creado, e de ata 1.800 euros por cada posto de traballo adaptado. Asemade esta orde recolle subvencións por mantemento do centro que supoñen a bonificación do 100% da cota empresarial á Seguridade Social, e o financiamento do 50% do custo salarial do Salario Mínimo Interprofesional.

Co obxectivo de promover a integración laboral dos discapacitados desempregados mediante o seu autoemprego, nesta mesma orde recóllese outro programa destinado precisamente á promoción do emprego autónomo entre este colectivo. Así para o inicio da actividade poderán acceder a axudas de ata 4.800 euros, tamén se establece unha subvención financeira de ata 4.500 euros, outra axuda de ata 3.900 euros para o financiamento de activo fixo e unha axuda excepcional de ata 2.400 euros.

Poderán beneficiarse destas axudas aquelas persoas con discapacidade desempregadas que se dean de alta como traballadores autónomos.

Ata 6.600 euros pola contratación de desempregados en risco de exclusión social

Así mesmo Traballo pon en marcha unha serie de incentivos á contratación de desempregados pertencentes a **colectivos en risco de exclusión social** para facilitar a súa incorporación ou reincorporación á sociedade. Os destinatarios dos programas serán as empresas privadas que contraten desempregados pertencentes a estes colectivos. Por cada unha destas contratacións establécese un incentivo que pode acadar os 6.600, no caso de que se trate dun contrato indefinido.

O fomento tanto do emprego como da estabilidade

Ademais destes colectivos existen outros con **dificultades de inserción** no mercado de traballo. O obxectivo do departamento que dirixe Ricardo Varela é fomentar o emprego entre estes colectivos ao mesmo tempo que se incrementa a estabilidade



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dese emprego. As contías das axudas desta orde ascenden ata os 5.000 euros por cada traballador con dificultades de inserción laboral contratado por unha empresa privada.

Ao mesmo tempo na orde reflíctese a aposta de Trballo polo fomento da estabilidade no emprego, a través dos incentivos para a transformación de determinados contratos temporais en indefinidos, con axudas de ata 2.750 euros. Por outra banda, impulsarase a capacidade de creación de emprego das pequenas empresas privadas que contraten con carácter indefinido ao seu primeiro empregado con subvencións que poden alcanzar os 6.600 euros. Así mesmo, as empresas que contraten traballadores para prestar servizos vinculados ao desenvolvemento tecnolóxico poderán beneficiarse das axudas ata 6.000 euros.



TRABALLO AVOGA POLOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA E DE COOPERACIÓN COMO FÓRMULAS DE ADQUISICIÓN DE EXPERIENCIA E DE SERVIZO DE INTERESE XERAL E SOCIAL

- *Os programas de formación en alternancia son iniciativas públicas de emprego-formación que teñen como obxectivo a inserción laboral a través da cualificación dos desempregados*
- *Os programas de cooperación establécense no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos organismos das administracións públicas distintas da local, universidades ou entidades sen ánimo de lucro*
- *O obxectivo é proporcionar aos demandantes de emprego accións de formación e ocupación que faciliten a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo ao mesmo tempo que se levan a cabo servizos de interese xeral e social*

A Consellería de Traballo, na súa aposta pola creación de postos de traballo a nivel local dende a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego, convoca as subvencións dos programas de cooperación e de formación en alternancia, é dicir, as axudas para os programas de fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades, entidades sen ánimo de lucro e para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego.

Estes últimos, os programas de formación en alternancia, son programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción laboral mediante a cualificación en alternancia coa práctica profesional, dos alumnos-traballadores, en ocupacións ou actividades de utilidade pública ou interese social.

Estes proxectos poderán ser promovidos por organismos autónomos e entes públicos da Comunidade, órganos, organismos autónomos e entes públicos da Administración Xeral, polas entidades locais e os seus organismos autónomos, así como polos consorcios e fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro. Os destinatarios son demandantes de emprego maiores ou menores de 25 anos, segundo a modalidade do proxecto.

No caso das escolas obradoiro e casas de oficio, as axudas convocadas van destinadas a subvencionar os cursos de formación profesional ocupacional e, se é o caso, a educación básica durante todas as etapas do proxecto. En canto ás subvención que se establecen no caso dos obradoiros de emprego, van dirixidas



ademais aos custos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban cos alumnos-traballadores do obradoiro.

Programas de cooperación

Os programas de cooperación tratan de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, dende a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas desempregadas que participen neles.

Na orde que regula e convoca estes programas establécense unha serie de axudas á contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Poderán beneficiarse as entidades locais, entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local, os órganos, organismos e entidades públicas dependentes ou vinculadas ás administracións públicas distintas da local, as universidades, así como as entidades sen ánimo de lucro.

Nese senso, as axudas consistirán nunha contía equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente, por cada traballador desempregado contratado. A contía da subvención para efectos de incentivo á mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia doméstica será de 180 euros mensuais por cada beneficiaria que reúna os requisitos para percibilo .

Outra das axudas recollidas nesta orde destinaranse a sufragar os custo salariais motivados pola contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, que colaborarán na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividades empresarial.

Por último, nesta orde figura unha axuda para o fomento do emprego no desenvolvemento local, a través da subvención para a realización de estudos, informes ou actividades de promoción do contorno local, como instrumento para promover a xeración de emprego nel. Estas subvencións contemplan o custo da realización dos estudos e informes, realizados con medios alleos, que teñan por obxecto coñecer as posibilidades de desenvolvemento e implantación de empresas na zona, así como os custos daquelas campañas de carácter técnico, realizadas con medios alleos, que poidan levarse a cabo para atraer investimentos xeradores de emprego no ámbito xeográfico da entidade solicitante, tales como intercambios de coñecementos e experiencias de promoción económica local que estimulen a creación de actividade empresarial.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A contía total da subvención poderá ascender ata o 70% do custo total dos estudos e campañas, sumadas ambas as dúas, cun límite máximo de 12.020,24 euros por entidade. No caso de que varias corporacións locais presenten conxuntamente unha solicitude, este límite elevarase proporcionalmente, ata un máximo de 60.101,21 euros.



APOIO PARA AS INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS

- *O obxectivo é acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, dxe cohesión territorial ao mesmo tempo que se fomenta a creación de emprego estable*
- *Destas axudas poderanse beneficiar aquelas empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, iniciativas de emprego locais e iniciativas de emprego rural*
- *Nas ordes que regulan estas axudas establécense subvencións de ata 54.000 euros para o inicio e a posta en marcha da actividade dos proxectos. Esta contía dependerá do número de postos creados*

Co obxectivo de que a sociedade galega acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de competitividade produtiva, de implantación efectiva da sociedade do coñecemento, de benestar social e de cohesión do territorio, a Consellería de Traballo aposta polo apoio aos proxectos empresariais innovadores, entendendo como tales ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), as iniciativas locais de emprego (ILES) e as iniciativas de emprego rural (IER).

Así, Traballo convoca unha serie de axudas e subvencións destinadas a fomentar e promover a creación deste tipo de empresas ao mesmo tempo que se fomenta o emprego estable.

A aposta polos proxectos de base científica e tecnolóxica

As empresas privadas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica no rexistro da Consellería de Traballo, poderán beneficiarse dunha serie de axudas que teñen como obxectivo facilitar e poñer en marcha proxectos innovadores de alto contido científico e/ou tecnolóxico. As axudas deseñadas abarcan dende a creación directa de emprego estable, con contías de ata 6.300 euros, as subvencións para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación, con axudas de ata 30.000 euros, o apoio á función xerencial cunha achega de ata 12.000 euros, subvencións de ata 5.100 euros por emprego estable creado, e axuda en función da existencia de gastos para o inicio e posta en marcha da actividade con ata 9.000 euros por emprego estable creado.

A iniciativa emprendedora como mellora da cohesión territorial

A necesidade de favorecer a desaceleración da perda de emprego no sector primario e o necesario desenvolvemento e diversificación do tecido empresarial galego no contorno territorial, xustifica o deseño dun programa dirixido a fomentar a iniciativa emprendedora co fin de potenciar o crecemento económico e do emprego no ámbito local e no medio rural, articulando unha colaboración entre a Xunta, as



administracións locais de carácter territorial e a iniciativa privada coa finalidade de facilitar e fomentar a aparición de empresas innovadoras xeradoras de emprego.

De tal xeito Traballo porá en marcha unha serie de axudas e subvencións destinadas a aquelas empresas previamente cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES) e ás iniciativas de emprego rural (IER), co que se pretende fomentar e promover a creación de empresas innovadoras, que xeran emprego estable no ámbito local e no medio rural.

Na orde que regula e convoca estas axudas establécese unha subvención á creación directa de emprego estable que poderá alcanzar os 6.000 euros por posto de traballo. Tamén se subvencionará con ata 18.000 euros a contratación de expertos técnicos de alta cualificación, e se apoiará con ata 12.000 a función xerencial. A subvención financeira de redución de xuros será de ata 5.100 euros por emprego estable creado. Para o inicio e posta en marcha da actividade, a orde recolle unha axuda cunha contía dende 6.000 ata 54.000 euros, segundo o número de postos de traballo creados.



O I PLAN INTEGRAL DE EMPREGO DE GALICIA TRATARÁ DE CORRIXIR A FALTA DE CONVERXENCIA ENTRE GALICIA E O ESTADO EN MATERIA DE EMPREGO

- *Mentres que en 1999 Galicia representaba o 5,9% do total de afiliacións do Estado, no ano 2005 este peso reduciuse en tres décimas ata situarse no 5,6%*
- *As actuacións que se realizarán no marco deste plan centran os seus esforzos na mocidade, nas mulleres, nos colectivos en risco de exclusión social e nos parados de longa duración*
- *Entre as accións que se levarán a cabo cómpre destacar as políticas activas de emprego no medio rural, a capacitación de técnicos en prevención de riscos laborais, ou o fomento da contratación de mulleres nos sectores nos que está subrepresentada*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe sobre o primeiro Plan Integral de Emprego de Galicia, cuxo convenio asinaron onte mesmo o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera.

O Plan Integral é unha actuación extraordinaria, recollido na disposición adicional décimo sétima da "Lei 30/2005, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006", froito dun convenio de colaboración asinado entre o presidente do Goberno de Galicia, o conselleiro de Traballo e o ministro de Traballo, e no que ambas partes se comprometen a destinar 24 millóns de euros anualmente ata o 2009. O obxectivo primordial do PIEG é contribuír á reducir os desfases que separan a Galicia en termos de actividade e ocupación da media española.

Así, as actuacións que se realizarán centrarán os seus esforzos nos colectivos de mulleres, mocidade e parados de longa duración, persoas discapacitadas, inmigrantes, colectivos en risco de exclusión social e naquelas persoas que queren reincorporarse ao mercado de traballo despois dunha ausencia prolongada ou a súa incorporación por primeira vez.

En relación coa localización das accións tentarase favorecer a creación de emprego no ámbito local, especialmente no rural, e naqueles sectores vinculados coa atención ás persoas dependentes e demais incluídos nos novos viveiros de emprego. Trátase de emerxer ocupacións que dean resposta ás novas necesidades respondendo con iniciativas locais de desenvolvemento por medio da creación de emprego estable e de calidade. Os obxectivos das actuacións en relación co mundo rural son formar e incrementar a empregabilidade dos demandantes de emprego en relación coas ocupacións vinculadas ao medio ambiente, o turismo rural e a atención ás persoas dependentes, así como, fomentar o emprego nas ocupacións mencionadas por medio



dos programas de cooperación, a curto prazo, e potenciando o xurdimento de empresas de economía social, a medio e longo prazo.

Así mesmo, nos sectores produtivos o plan definirá actuacións para a incorporación da muller nas ocupacións nas que está subrepresentada, como é o caso da construción, sector no que as mulleres só supoñen o 6,5%, ou a reparación naval que ten unha participación feminina do 7,6%. Para tentar corrixir esta situación estableceranse protocolos de actuación coas asociacións empresariais para a incorporación de mulleres nas ocupacións nas que están subrepresentadas por medio de programas experimentais de emprego.

En relación cos programas previstos no Plan Integral figura a formación e reconversión profesional de desempregados e ocupados, os programas de formación en alternancia e de adquisición de experiencia e os programas experimentais de emprego.

Outro dos compromisos é, segundo figura no informe, capacitar e posibilitar a adquisición de experiencia en relación coa prevención de riscos laborais, xa que Galicia presenta uns índices de incidencias superiores á media do Estado no referido aos accidentes graves e mortais, especialmente nalgúns sectores, como o do mar, o da construción, o do metal, etc. Os técnicos en prevención de riscos laborais deben xogar un importante papel, fundamentalmente no relativo ás PEMES. O obxectivo deste programa consiste na adquisición de experiencia laboral de técnicos en prevención por medio da súa vinculación a entidades sen ánimo de lucro para que realicen a súa actividade, (avaliación de risco e comprobación do plan de prevención, equipos e medios de protección utilizados, etc.) visitando diferentes empresas e centros de traballo e propoñendo ás modificación oportunas.

No informe explicase que este I Plan Integral de Emprego de Galicia xorde como resultado da análise da falta de converxencia entre o Estado e Galicia en termos de emprego, xa que a taxa de emprego de Galicia está no 53%, é dicir, 2,8 puntos por debaixo da estatal; os demandantes de emprego rexistrados en Galicia supoñen o 8,5% do total do Estado é dicir moi por riba da que nos correspondería tanto por peso de poboación de mais de 15 anos (6,7%) como polo volume de afiliacións á Seguridade Social (5,6%).

Galicia non tivo nos últimos anos unha evolución equiparable á do conxunto do Estado, tanto en aspectos relacionados coa evolución do emprego como do paro rexistrado, presentan un diferencial negativo ao de España. Así, segundo os datos que se recollen no informe, a estrutura do paro galego está caracterizada polo peso do paro xuvenil (o 28%) e feminino (o 62%) xunto co paro de longa duración (o 44%). O 48% das mulleres inscritas (52.000) e o 37% dos homes (24.000), levan máis de doce meses no paro. O colectivo "sen emprego anterior" con 25.000



demandantes, dos que o 76% son mulleres e delas 12.500 teñen máis de 30 anos, supón o 11,4% do total dos destes parados do Estado, máis do dobre do peso dos afiliados galegos no conxunto estatal (5,6%).

En Galicia o 62% dos menores de 30 anos non teñen formación de tipo profesional. Esta porcentaxe sobe ao 71% no colectivo entre 30 e 44 anos e ata o 93% entre os demandantes de 45 anos ou mais. No ano 1999 Galicia representaba o 5,9% do total de afiliacións do Estado, no ano 2005 este peso redúcese ata o 5,6%, é dicir, produciuse un descenso de tres décimas. Ao mesmo tempo, as zonas rurais teñen unha importante perda de postos de traballo o que forza á emigración aos seus activos.



O GOBERNO GALEGO CONCEDERÁ INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DIRIXIDOS A FAVORECER A CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR

- *Segundo se recolle no informe presentado esta mañá polo conselleiro ao Consello da Xunta, a procura da conciliación da vida laboral e familiar é unha condición necesaria e indispensable para garantir o principio de igualdade de oportunidades así como para frear a regresión demográfica acaecida en Galicia*
- *As axudas diríxense por unha banda a incentivar a reincorporación de traballadores tras un proceso de maternidade ou paternidade, e por outra, á substitución de traballadores que se acollan a unha excedencia ou redución de xornada para o coidado de familiares*
- *A finalidade destas actuacións é promover a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia no emprego de homes e mulleres mediante a concesión de incentivos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar*

Ricardo Varela presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe sobre unha orde de convocatoria de subvencións destinada a incentivar a contratación para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral. A finalidade destas actuacións é promover a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia no emprego de homes e mulleres mediante a concesión de incentivos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Traballo aposta por conseguir unha mellor conciliación laboral e familiar como peza fundamental en toda unha serie de cuestións sociais, novas formas de organización do traballo, avances na protección social, cambio nas estruturas familiares e na distribución dos coidados familiares entre mulleres e homes. Este desafío é unha condición necesaria e indispensable para garantir o principio de igualdade de oportunidades así como frear a regresión demográfica acaecida en Galicia.

As medidas activas deseñadas polo departamento que dirixe Ricardo Varela teñen por obxectivo non só evitar os efectos negativos que sobre a contratación das mulleres ten a baixa por maternidade, senón tamén coa finalidade de promover a corresponsabilidade do home e da muller nas tarefas que leva consigo a paternidade/maternidade e o coidado de familiares.

Así, para alcanzar a conciliación nas empresas establécense dous tipos de axudas: por unha banda, subvencións a empresas que reincorporen a traballadoras e traballadores tras un proceso de maternidade ou paternidade, de acollemento preadoptivo ou permanente de menores de 6 anos ou de adopción. Esta axuda, que se pagará nunha soa vez, consiste nunha subvención por unha contía equivalente ao importe das cotas á Seguridade Social por continxencias comúns, correspondentes á base mínima para o ano 2006 ou no caso dos autónomos, subvencionarase o 100%



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das cotas correspondentes ao réxime de autónomos da Seguridade Social, en ambos casos calculada sobre 12 mensualidades.

Por outra banda a orde recolle axudas destinadas ás empresas que substitúan a persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución de xornada de traballo por motivos familiares. Así, subvencionarase con ata 2.400 euros os contratos de interinidade para cubrir estas substitucións sempre que se realicen con demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego.



ACORDO DO GOBERNO GALEGO SOBRE O PLAN DA SEPI PARA RTVE

O Goberno galego aprobou hoxe, ante o plan da SEPI, manifestar a súa postura sobre a situación da RTVE, entendendo que os medios de comunicación estatais desenvolven unha función fundamental de servizo público que, entre outros aspectos, inclúe a defensa dunha información próxima ao cidadán e a pluralidade lingüística e cultural que enriquece a sociedade española. Porén, a Xunta de Galicia segue con fonda preocupación as novas publicadas sobre o chamado *Plan de Saneamento e Futuro do ente RTVE*, que, ao parecer, entre outras medidas, prevé a redución das estruturas dos centros e emisoras territoriais, a supresión das desconexións locais e territoriais de Radio 5 Todo Noticias e a redución en dous tercios da emisión diaria de TVE en galego.

Esas medidas propostas chocan frontalmente coa obriga do servizo público de manter unha estrutura territorial e co Plan Xeral de Normalización Lingüística, que foi aprobado por unanimidade dos tres grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e que establece como prioridades a negociación con TVE para o incremento das horas de emisión na lingua galega e a recuperación de Radio 4 como emisora de RNE que emitirá integramente en galego.

En consideración de devandito, a Xunta de Galicia manifesta:

1º. Que as medidas que se adopten na dirección de dotar dunha mellor solidez económica e financeira a RTVE, non menoscaben o mantemento dunha estrutura territorial que responda ás necesidades autonómicas e locais.

2º. Que non se esqueza a función de servizo público que, por mandato constitucional, desenvolve RTVE. Ese compromiso implica, nunha comunidade histórica como Galicia, que posúe lingua e cultura propias, a decidida promoción do coñecemento, uso e normalización do idioma galego. Asemade, RTVE debe ofrecer resposta, como recoñeceu o presidente do Goberno da nación, ás necesidades informativas de ámbito local, autonómico e estatal cun cadro de persoal axeitado a este fin.

3º. Que a redución ou eliminación do número de horas de emisión diaria en lingua galega suporía un retroceso histórico nos medios de comunicación públicos e unha grave mutilación da pluralidade lingüística e cultural de España.